

EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA 1: O COÑECEMENTO E CONTROL DO SEU PROPIO CORPO. A AUTONOMÍA PERSOAL.

1.1.O corpo.

- a) O corpo humano: partes, características diferenciais e imaxe.
- b) Representación global do corpo humano. Descubrimento e progresivo afianzamento da lateralidade e do esquema corporal.
- c) Desenvolvemento perceptivo-motriz: Orientación espacio-temporal, esquema corporal, discriminación de figuras, memoria visual.
- d) Sensacións e percepcións do propio corpo. As necesidades básicas do corpo. Os sentidos e as súas funcións.
- e) Aceptación e valoración axustada da propia identidade. Confianza nas posibilidades e capacidades propias para realiza-las tarefas.
- f) Emocións e sentimentos propios e dos demais.

1.2. O xogo e o movemento.

- a) Movementsos e posturas do corpo. Control activo e adaptación do tono e da postura ás características dos obxectos, dos outros , **das accións e das situacións.**
- b) Conciencia das posibilidades e as limitacións motrices do corpo. Confianza nas propias posibilidades de acción.
- c) Coordinación e control dinámico en actividades que implican o exercicio físico, o movemento de todo o corpo (subir, baixar, xogos físicos) e a adquisición progresiva de habilidades motrices novas.
- d) Coordinación e control das habilidades motrices de carácter fino.
- e) Nocións básicas de orientación no espacio e no tempo.
- f) Desenvolvemento do xogo protagonizado, como medio para coñece-la realidade, como medio de deleite e de relación.
- g) Aceptación das normas implícitas que rexen os xogos de representación de papeis.
- h) Actitude de axuda e colaboración cos compañeiros nos xogos e na vida cotiá.

1.3. A autonomía persoal.

- a) Regulación do comportamento en situacións de xogo e en tarefas da vida cotiá.
- b) Planificación secuenciada da acción para resolver unha tarefa sinxela e constatación dos seus efectos.
- c) Coordinación, colaboración e axuda cos adultos e compañeiros.
- d) Iniciativa e autonomía nas tarefas diarias, nos xogos e na resolución de pequenos problemas da vida cotiá.
- e) Aceptación das posibilidades e limitacións, propias e alleas, na realización de tarefas.
- f) Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e capacidade de esforzo.
- g) Valoración do traballo ben feito. Recoñecemento dos erros e aceptación das correccións.

1.4. O coidado dun mesmo e do entorno.

- a) A saúde e o coidado dun mesmo.
- b) A hixiene persoal.
- c) Accións que favorecen a saúde: a alimentación e o descanso.
- d) A enfermidade: prever accidentes e evitar situacións perigosas.
- e) Coidado das dependencias do centro e do seu entorno para poder realiza-las actividades en espazos limpos e ordenados.
- f) Hábitos relacionados coa hixiene, a alimentación e o descanso. Emprego progresivo dos espazos e utensilios relacionados con estes hábitos.
- g) Gusto por un aspecto persoal limpo e coidado.
- h) Valoración da axuda e protección de familiares, e outras persoas, en situacións de enfermidade e nos coidados hixiénicos.

ÁREA 2 : O DESCUBRIMENTO DO CONTORNO E A CONVIVENCIA COS
DEMAIS.

2.1. O mundo dos seres vivos.

- a) Características xerais dos seres vivos: semellanzas e diferencias.
- b) Recoñecemento de animais e plantas do contorno próximo e doutros contornos.
- c) Cambios (ciclo vital) que se producen en animais e plantas no curso do seu desenvolvemento.
- d) Productos elaborados a partir de materias primas procedentes de plantas e animais.
- e) Curiosidade, coidado e respecto cara ós animais e plantas como primeiras actitudes para a conservación do medio natural.
- f) Valoración da importancia dunha relación equilibrada entre os animais, as plantas e as persoas.

2.2. O medio natural.

- a) Distintos tipos de paisaxe natural e elementos que a caracterizan.
- b) Algúns elementos da natureza: o sol, a auga, o aire, a terra. Emprego que o ser humano fai deles.
- c) Fenómenos atmosféricos. Relacións entre estes, a paisaxe e os seres vivos.
- d) Valoración dos recursos naturais e colaboración no seu coidado e aproveitamento.

2.3. O mundo da materia.

- a) Diferentes tipos de obxectos, naturais e elaborados, presentes no contorno.
- b) Observación, exploración e manipulación de obxectos e materiais.
- c) Atributos físicos e sensoriais dos obxectos. Cor, tamaño, sabor, son, plasticidade, dureza.
- d) Clasificación elemental dos obxectos en función das súas características e do seu emprego.
- e) Respetto e coidado dos obxectos de uso individual e colectivo.
- f) Recoñecemento, valoración da súa utilidade e uso segundo as súas posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación.

2.4. Convivencia cos demais. Os primeiros grupos sociais.

- a) A familia, os seus membros, relacións de parentesco, funcións e ocupacións. Lugar que ocupa entre eles. Distintos tipos de familia.
- b) A vivenda: dependencias e funcións. Tarefas cotiás do fogar.
- c) A escola. Os membros da escola: os nenos e os adultos. Funcións e ocupacións.
- d) A aula: distribución e emprego dos espazos. Obxectos e mobiliario. Outros espazos do centro escolar.
- e) Valoración e respecto das normas que rexen a convivencia nos grupos sociais ós que pertence o neno.

2.5. A vida en sociedade.

- a) Formas de organización humana segundo o seu asentamento nas distintas paisaxes: rural e urbana.
- b) O entorno próximo ó neno: a rúa, o barrio, o pobo e a vila.
- c) A actividade humana no medio: funcións, tarefas e oficios habituais. Respecto e valoración das funcións de cada un na sociedade.
- d) Os servizos comunitarios relacionados con: o consumo, o ocio e a cultura, a seguridade e a sanidade, o transporte, os medios de comunicación.
- e) Costumes e folclore característicos da comunidade á que se pertence. Algunhas manifestacións culturais do presente e do pasado.
- f) As formas sociais do tempo: días da semana, festivos e laborais.
- g) Respecto pola diversidade de persoas e culturas.
- h) Desenvolvemento de hábitos de consumo responsable.

ÁREA 3: O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE E DAS HABILIDADES COMUNICATIVAS

3.1 A linguaxe oral.

- a) A linguaxe oral como medio de comunicación. Diferentes situacións e necesidades de comunicación.
- b). Utilización adecuada de diversas frases (enunciativas, interrogativas, exclamativas,...); ton de voz, inflexións, etc. Discriminación auditiva, entoación e

pronunciación

- c) Comprensión e expresión de mensaxes referidas a necesidades, emocións e desexos. Evocación e verbalización das propias vivencias debidamente ordenadas no tempo.
- d) Comprensión e reprodución de textos de tradición cultural: contos, refráns, cancións, adiviñas, de forma individual e en grupo.
- e) Iniciativa e interese por participar na comunicación oral, tendo en conta as informacións e explicacións dos demais e respectando as normas sociais establecidas que regulan o intercambio lingüístico.
- f) As formas socialmente establecidas para iniciar, manter e acabar unha conversación.
- g) Utilización de sinais extralingüísticas (entoación, xesticulación, expresión facial) para atribuír e reforza-lo significado das mensaxes que se reciben e transmiten.
- h) Interese pola comunicación en distintas linguas: linguas oficiais da Comunidade e outras linguas estranxeiras. Actitude de respecto cara a pluralidade lingüística.

3.2 A linguaxe escrita.

- a) A lingua escrita como medio de comunicación, información e disfrute..
- b) Diversos recursos e soportes da lingua escrita: pictogramas, rótulos, láminas, xornais, revistas e libros. As tecnoloxías da información e da comunicación.
- c) Utilización de recursos e fontes de información escrita. Textos de uso social: folletos, contos, comic, etc.
- d) Uso e valoración das bibliotecas (de aula, centro, virtual, etc.) como espazos de información e disfrute.
- e) Interpretación de imaxes, carteis, fotografías, etc., que acompañan a textos escritos, establecendo relacións entre ambos.
- f) Direccionalidade, linealidade, orientación esquerda-dereita, distribución do texto e posición ó escribir.
- g) Relacións entre a linguaxe oral e a escrita:
 - Correspondencia fonema-grafía.
 - Identificación de letras.
 - Estructura fonémica da fala, segmentación en: palabras, sílabas e fonemas.
 - Representación gráfica dos fonemas.
- h) Comprensión e produción de palabras, frases e textos escritos, a partir de experiencias próximas ó alumno.

i) A pronunciación, ritmo e entoación adecuados na lectura de palabras e textos en voz alta.

ÁREA 4

O COÑECEMENTO MATEMÁTICO. A REPRESENTACIÓN NUMÉRICA

- a) O coñecemento matemático como medio para coñecer e interpreta-la realidade.
- b) Propiedades e relacións dos obxectos: forma, tamaño, textura, etc. Agrupacións a partir dunha cualidade común ou dun criterio preestablecido. Coleccións.
- c) Cuantificadores básicos: todo/nada, poucos/moitos, un/varios.
- d) Expresión e representación gráfica da cuantificación das coleccións de obxectos mediante códigos convencionais e non convencionais.
- e) A serie numérica: os nove primeiros números. A súa representación gráfica.
- f) Os primeiros números ordinais.
- g) Iniciación ó cálculo coas operacións de unir e separar por medio da manipulación de obxectos.
- h) As magnitudes: nocións básicas de medida. Unidades de medida naturais e convencionais.
 - A medida da lonxitude.
 - A medida do tempo. Instrumentos de medida do tempo: o reloxo. O calendario.
- i) Formas planas: círculo, cadrado rectángulo, triángulo. Corpos xeométricos: esfera, cubo.
- j) Utilización das nocións básicas de orientación e situación no espacio para explica-lo emprazamento propio, de algún obxecto ou dalgunha persoa.
- k) Resolución de problemas que impliquen cálculos sinxelos, relacionados coa vida cotiá, facendo estimacións, expresando o procedemento empregado e valorando diversas solucións.
- l) Apreciación da utilidade dos números e das operacións matemáticas nos xogos e problemas que se presentan na vida cotiá.

ÁREA 5: A EXPRESIÓN ARTÍSTICA E A CREATIVIDADE

5.1 Expresión plástica.

- a) A expresión plástica como medio de comunicación, representación e creación.

- b) O desenvolvemento da sensibilidade estética. A percepción, a educación sensorial e a apreciación artística.
- c) Materiais e útiles para a expresión plástica.
- d) As técnicas básicas da expresión plástica. Utilización destas técnicas para favorece-la creatividade.
- e) Posibilidades expresivas de materiais, ferramentas e técnicas. Creación e novas tecnoloxías.
- f) Gama de cores primarias e as súas mesturas. A cor e as sensacións.
- e) Interese e respecto polas elaboracións plásticas propias e dos demais.
- g) Valoración das manifestacións artísticas que nos rodean, fomento de actitudes de respecto e disfrute da obra de arte como parte do patrimonio cultural e histórico.

5.2 Expresión musical.

- a) A música como medio de comunicación, representación e creación.
- b) Ruído, silencio e música.
- c) As propiedades sonoras do corpo, dos obxectos de uso cotián e dos instrumentos musicais.
- d) Discriminación de sons e ruídos da vida diaria: ambulancias, trens, coches, timbres, animais...
- e) Cualidades do son: intensidade, duración, timbre e altura.
- f) Elementos da música; son, melodía e ritmo. Posibilidades expresivas.
- g) Cancións do folclore, cancións populares infantís, danzas, bailes e audicións.
- h) Producción de sons e ritmos mediante o propio corpo, obxectos sonoros e instrumentos musicais sinxelos, mecánicos ou electrónicos.
- i) Interese e iniciativa na participación en actividades rítmicas e musicais.
- j) Fomento da sensibilidade, a tolerancia e a expresión de vivencias e sentimentos a través de manifestacións musicais de diversas culturas.

5.3 Expresión corporal.

- a) Posibilidades do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.
- b) O corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.
- c) Desprazamentos polo espazo con movementos diversos. Nocións de direccionalidade co propio corpo.
- d) Imitación e representación de situacións, personaxes e historias sinxelas, reais e evocadas, individualmente e en pequenos grupos.
- e) Expresión de vivencias, sentimentos e emocións a través da danza.
- e) Interese e iniciativa na participación en representacións.